

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE OUTUBRO DE 2020

Ás 10:25 horas do día 13 de outubro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 7 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 3)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica**

#### **a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados (ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA e FOROX INNOVACIÓN, S.L.) e pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (lote 1)
2. FOROX INNOVACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 3)



A continuación ábrese a “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” e a Mesa acorda, por unanimidade, solicitar ao servizo xestor informe de valoración das proposicións presentadas.

## 7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)” (613-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 6 de outubro de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
2. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 13:17	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA84F-C6AFDH-E7A6DH-NA4X9C-V5SXNR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		